

CELEBRACIÓN DO DOMINGO EN OS COTOS

30 e 31 de decembro do 2017

SAGRADA FAMILIA



OS COTOS CO POBO DE SIRIA
E CON TODOS OS REFUXIADOS



1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

CANTO 🎵 *nº 1* *Que ledos hoxe estamos*
ou nº 65 *Imos compañeiros imos*

SAÚDO DE BENVIDA

Celebrante

Benvidos sexamos todos a este encontro. Reunímonos para facer comunidade no nome do Pai, do Fillo e do Espírito Santo.

Logo da celebración do Nadal, compartimos como igrexa a festa da Sagrada Familia. Hoxe, que tamén xa estamos preto de fin de ano, pode ser este un bo momento para que todos botemos unha ollada a como cada un de nós neste 2017 foi colaborando para que nas nosas familias se poida vivir o sentido cristián: se nos quixemos, se nos escoitamos, se fomos capaces de crear un clima de respecto e confianza... porque só se somos quen de vivir nas actitudes da familia de Nazaret, poderemos levar con dignidade o nome de cristiáns.

Queremos tamén desexarnos o mellor, tanto a nivel persoal, como familiar, como parroquial, como nos Cotos, para este 2018 que estamos a piques de comezar.

PROCLAMACIÓN DO GLORIA

Todos: *GLORIA AO SEÑOR NAS ALTURAS
E NA TERRA PAZ*

Monitor/a

Cantémoslle cos anxos, cos pastores,
cantemos con María e con Xosé,
a gloria e a paz que nace en Belén.

Todos: *GLORIA AO SEÑOR NAS ALTURAS
E NA TERRA PAZ*

Monitor/a

Cantémoslle cos pobres e cos pequenos,
a quen Deus lles procura tanto ben,
a gloria e a paz que nace en Belén.

Todos: *GLORIA AO SEÑOR NAS ALTURAS
E NA TERRA PAZ*

Monitor/a

Cantémoslle ao Deus que nos visita,
que mostra na humildade o seu poder,
a gloria e a paz que nace en Belén.

Todos: *GLORIA AO SEÑOR NAS ALTURAS
E NA TERRA PAZ*

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante Rematamos a primeira parte da celebración presentando no silencio o que rebule no noso interior, e agradecemos os bos desexos e esperanzas que compartimos.

(silenzo)

Celebrante Deus, Noso Pai, ti quixeches darnos a Sagrada Familia como exemplo.

Concédenos a graza de practicarmos como ela as actitudes e os valores familiares e que permanezamos sempre unidos polo vínculo do teu amor.

Xúntanos a todos na alegría eterna do teu fogar. Así queremos compartir neste fin de ano, e así acudimos a Ti, Pai, por Xesucristo que vive e reina por sempre eternamente. Amén

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Celebrante As lecturas que agora imos escoitar son toda unha proposta de valores e actitudes a vivir no seo da nosa familia persoal, na nosa comunidade parroquial e na grande familia e igrexa de Os Cotos.

No Leccionario II – B páxina 33 **LECTURA**

LECTURA DA CARTA AOS COLOSENSES

CANTO Nº 4 🎵 *Amigos nas penas* **SALMO**

(en pé) *No Leccionario II – B páxina 34* **EVANXEO**

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO

SEGUNDO LUCAS

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón

(en pé) **PROFESIÓN DA FE**

Celebrante A Sagrada Familia é hoxe exemplo para nós como comunidade, agora queremos comprometer nos no camiño da vida para sermos exemplo para os demais no vindeiro 2018. Xuntos proclamamos a fe que compartimos.

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Monitor/a

Credes en Deus, Pai, que ama de verdade e que nos acolle en familia como os seus fillos e fillas?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Credes en Xesucristo, irmán de todos nós, que demostrou co seu nacemento e coa súa vida que o camiño é facer comunidade?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Credes no Espírito Santo, que alenta no corazón cando somos agradecidos cos que están á nosa beira facendo fogar?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Credes na igrexa, comunidade e familia na que todos temos sitio e na que todos somos necesarios?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

(en pé) **ORACIÓN UNIVERSAL**

Celebrante *Moitas son as cousas que queremos agradecerche Señor, moitas son as persoas ás que lle queremos dar grazas, facémolo en familia dicindo*

DÁMOSCHE GRAZAS SEÑOR

Monitor/a

1.- Polas persoas que agora están a nosa beira rezando con nós,

2.- Polas persoas que ao longo deste ano estiveron implicadas na catequese,

3.- Polos pais e nais que ao longo deste ano se comprometeron por educar na fe aos seus fillos,

4.- Polas persoas que ao longo deste ano adicaron tempos e esforzos colaborando no grupo de cáritas nos Cotos,

5.- Polas persoas que ao longo deste ano se preocuparon e colaboraron coa economía parroquial,

6.- Polas persoas que colaboraron en cada celebración da eucaristía e en cada celebración da Palabra,

7.- Polas persoas coas que formamos esta comunidade e a grande familia da Igrexa,

Celebrante *Todos cho agradecemos a Ti Señor, que nos convidas a medrar co teu Fillo nacido no medio de nós e que vive e reina por sempre eternamente. Amén.*

3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante Deus faise en nós, faise Nadal, faise en familia. Atopámolo en quen é capaz de amosar a tenrura de ser nai ou pai, atopámolo en quen é capaz de dalo todo pola familia, atopámolo en quen é capaz de mirar nos demais a irmáns.

Sentíndonos familia de Deus rezámoslle dicindo
NOSO PAI ...

SIGNO DA PAZ

Celebrante As nosas mans abertas falan de acollida, falan de ofrecer o mellor aos demais, falan de esforzo pola dignidade de todos, falan de sermos “familia”. Que o Deus do fogar de Nazaret nos alente a ser irmáns na paz. Compartimos.

CANTO 🎵 *nº 39 Démonos todos a man*

COMUÑÓN

Celebrante A mesa do altar é a mesa do compartir todo o que Deus nos agasalla, é o sabernos espertos e atentos para facerlle un sitio ao que nos nace no Nadal.

Ditosos nós, familia convidada a compartir este pan do Señor.

CANTO 🎵 *nº 55 No colo da miña nai*

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante

Señor, Ti enfortécesnos con esta celebración. Fai que seguindo o exemplo da Sagrada Familia poidamos participar con eles na gloria do ceo despois dos traballos desta vida.

Pedímolo por Xesucristo, noso Salvador, nacido no medio de nós, e que vive e reina por sempre eternamente. Amén

Co nacemento do seu Fillo, Deus iluminou este Nadal. Coa súa bondade infinita encha os nosos corazóns de amor e de paz. Amén

El anuncioulle aos pastores o gozo inmenso do nacemento salvador do seu Fillo. Que El encha os nosos corazóns coa súa alegría e nos faga mensaxeiros do evanxeo. Amén

E polo Nadal do seu Fillo, Deus uniu a terra co ceo. Que El nos faga merecentes aquí do seu amor, e no ceo da súa vida sen fin. Amén

Que o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal e nos leve á vida eterna. Amén

Avísase das misas (ver folla do mes)

ASÍ DE BEN O REMATAMOS NESTES DÍAS,
QUE ASÍ SEXA DE FARTURENTO O 2018